

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folia autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece como unha obriga dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:

- A) Utilizar as vías de reclamación e de proposta de suxestións nos prazos previstos.
- B) Participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos nesta Lei e nas disposicións que a desenvolvan.
- C) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos Servizos Sanitarios.
- D) Á confidencialidade de toda a información relacionada co seu proceso e coa súa estancia en institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.

2. Cal dos seguintes dereitos NON podería ser obxecto de protección mediante o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, tendo en conta o establecido no artigo 53.2 da Constitución:

- A) O dereito de asociación.
- B) O dereito a la educación.
- C) O dereito á protección da saúde.
- D) O dereito para participar nos asuntos públicos.

3. Segundo o Decreto 206/2005 de provisión de prazas, os postos de supervisor ou supervisora de unidade serán provistos mediante:

- A) Libre designación.
- B) Avaliación colexiada.
- C) Concurso específico.
- D) Defensa pública dun proxecto ou entrevista relacionados coa xestión da unidade e a valoración dun concurso de méritos.

4. Segundo a Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes:

- A) A prestación do consentimento informado é unha obriga do paciente.
- B) O consentimento será por escrito, por regra xeral, e farase constar na historia clínica nos casos de intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.
- C) O paciente ten dereito a decidir libremente, tras recibir a información adecuada, entre as opcións clínicas dispoñibles.
- D) O paciente ten dereito a negarse ao tratamento en calquer momento. A súa negativa ao tratamento poderá ser verbal.

5. O órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos denomínase:

- A) Comité de Seguridade e Saúde.
- B) Comisión de Seguridade e Saúde no Traballo.
- C) Instituto de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- D) Servizo de Prevención.

6. De acordo coa Lei 8/2008 de saúde de Galicia, modificada pola Lei 1/2018, do 2 de abril, en cantas áreas e distritos se ordena territorialmente o Sistema Público de Saúde de Galicia:

- A) En 11 áreas y 14 distritos.
- B) En 7 áreas e 14 distritos.
- C) En 4 áreas e 11 distritos.
- D) En 11 áreas e 20 distritos.

7. Indique cal das seguintes NO se considera unha situación administrativa do persoal estatutario fixo:

- A) Servizos especiais.
- B) Excedencia voluntaria.
- C) Incapacidade permanente total.
- D) Suspensión de funcións.

8. Entre os principios da acción preventiva que establece o artigo 15 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, non se recolle o seguinte:

- A) Ter en conta a evolución da técnica.
- B) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.
- C) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
- D) Dar as debidas instrucións aos traballadores.

9. De conformidade co Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, ten a consideración de falta moi grave:

- A) O abandono do servizo.
- B) A grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou usuarios.
- C) O descoído no cumprimento das disposicións expresas sobre seguridade e saúde.
- D) A aceptación de calquera tipo de contraprestación polos servizos prestados aos usuarios dos servizos de saúde.

10. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, é unha función do Parlamento de Galicia:

- A) Exercer a potestade executiva da Comunidade Autónoma.
- B) Nomear ao Presidente da Xunta de Galicia.
- C) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade.
- D) A elaboración e aplicación do orzamento da Comunidade Autónoma Galega.

1. Segundo o Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala a resposta incorrecta respecto aos Tribunais de selección:

- A) Serán nomeados pola autoridade convocante.
- B) Estarán compostos dun número impar de membros non superior a cinco, debendo designarse o mesmo número de membros suplentes.
- C) Poderán propoñer ao órgano convocante a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas.
- D) Axustarán a súa actuación ao disposto na normativa vixente reguladora dos órganos colexiados.

2. De conformidade co establecido no artigo 15 do Estatuto de Autonomía, o Presidente da Xunta de Galicia será politicamente responsable ante:

- A) O Rei.
- B) O Tribunal Constitucional.
- C) O Congreso dos Deputados.
- D) O Parlamento de Galicia.

